



Criterios xerais para a selección do alumnado que participa nos programas de diversificación curricular.

Destinatarios: Poderán incorporarse aos programas de diversificación curricular o alumnado que se encontre nas seguintes circunstancias:

a) Ter dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas e atoparse nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.

b) Existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de graduado en educación secundaria.

Condições de acceso: Poderán incorporarse a estes programas o alumnado que se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter cursado o segundo curso da E.S.O., non estar en condicións de promocionar ao curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.

b) Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.

c) Tras repetir o terceiro curso, non superalo.

d) Ter cursado o cuarto curso da E.S.O. sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.

Para entrar nestes programas *terá prioridade* aquel alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Manter un bo comportamento nas clases, mostrando interese por aprender.

b) Repetir algún curso na E.S.O.

c) Ter un alto número de materias suspensas.

d) Unha idade elevada.

Realización das propostas: Nas reunións da 2º avaliación o profesorado de cada grupo fará as propostas para este tipo de ensinanza de maneira que tanto os/as titores/as como o departamento de orientación empece a elaborar a documentación necesaria para solicitar o programa. Esta documentación deberá estar elaborada antes do 10 de xuño de cada ano, e nas reunións da 3ª avaliación confirmarase ou non a incorporación deste alumnado ao programa, podéndose facer tamén propostas de novos/as alumnos/as.

Toda a normativa deste tipo de programas está recollida na *Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria* (D.O.G. Nº 161, 21-agosto-2007).